

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026388	IES Plurilingüe Fontexería	Muros	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

A revolución tecnolóxica que vivimos na actualidade fai que cada día manexemos dispositivos capaces de conectarnos, crear e acceder á información dunha forma tan global, rápida e diversa que, fai uns anos, nin sequera podíamos imaxinar.

A importancia de ditos dispositivos radica na súa incorporación tanto ao ámbito profesional como ás actividades da vida cotiá e de ocio, nas que cada vez facemos máis uso deles. Isto provoca a necesidade de adquirir unhas habilidades e desenvolver capacidades que ata fai ben pouco non eran necesarias na nosa vida. De aí xorde a necesidade dunha alfabetización dixital que nos permita dominar tanto a linguaxe propia destas tecnoloxías coma o manexo seguro das mesmas.

Na sociedade actual, as tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvéronse en torno á electrónica, a informática e as telecomunicacións, pero non considerados de forma illada, senón como un conxunto que permitiu evolucionar desde os primeiros ordenadores persoais ata a telefonía móbil.

A materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación ten o obxectivo de ir máis alá dese proceso de alfabetización dixital, xa iniciado na etapa de primaria e continuado na educación secundaria obrigatoria nas materias de Tecnoloxía e Dixitalización, Educación Dixital e Dixitalización, de tal forma que dotará ao alumnado das competencias necesarias que lle permitan acceder con autonomía, capacidade de adaptación e autoaprendizaxe permanente no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, de xeito que consiga estar preparado para atender ás demandas deste campo de tan rápida evolución.

O uso de ordenadores e dispositivos electrónicos non está exento de riscos nin de ser susceptible de delitos, polo que cómpre a creación duns límites éticos e legais que vaian vinculados á xeración e intercambio de datos, sobre todo, considerando as posibilidades infinitas que implican a versatilidade, a capacidade multimedia e a popularidade dos novos dispositivos e as súas aplicacións. De aí que tamén é necesario educar no uso de ferramentas que faciliten a interacción con este entorno dixital, en condicións de seguridade e reflexión ética apropiados a esta nova era.

Por todo o exposto, a competencia dixital, vai ser transversal ao longo de todas as etapas e as diferentes materias, polo que é vital a integración do uso das TIC e o desenvolvemento dunha cultura dixital na aula.

A contribución da materia á competencia en comunicación lingüística, é clara, xa que está directamente vinculada coa comunicación da información, o cal exige ao alumnado recibir e emitir mensaxes claras, coherentes e concretas, facendo uso dun vocabulario adecuado

Para elo, ademais das situacións de ensinanza-aprendizaxe diarias que se traballan na aula, o alumnado debe enfrontarse a situacións concretas e contextualizadas nas que teña que comunicarse. Para iso, e tendo en conta ás estratexias metodolóxicas que se aplican nas diferentes materias, o alumnado deberá elaborar documentos técnicos para informar sobre os traballos prácticos realizados, realizar exposicións ou presentacións específicas, defender e convencer sobre os produtos deseñados ou elaborados, realizar buscas de información e, polo tanto, establecer técnicas adecuadas para conseguir un adecuado tratamento da información.

Así mesmo, a materia repercute de forma directa na adquisición da competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería, pois o alumnado debe abordar e resolver os problemas e situacións que se lle propoñan, os cales estarán relacionados, na medida do posible, coa vida cotiá, na cal estas tecnoloxías toman hoxe día un carácter relevante, cando non case imprescindible, no noso modo de vida. Para elo, debe determinar, analizar e propor preguntas adecuadas, identificar situacións similares para contrastar diferentes solucións e utilizar aplicacións tecnolóxicas en dispositivos de comunicación.

A proposta da materia incide no desenvolvemento de estratexias de busca, análise e procesamento da información facendo uso da web, ordenadores e outros dispositivos no propio proceso de ensinanza-aprendizaxe, dominio do software adecuado para deseñar e xerar produtos de comunicación (textos, son, imaxes e vídeo), manexo de procesadores de texto, programas de cálculo, deseño de presentacións, deseño web etc., para crear, procesar, publicar e compartir información de xeito colaborativo ou individual, e todo elo respectando os dereitos e liberdades individuais e de grupo e mantendo unha actitude crítica e de seguridade no uso da rede.

A propia natureza empírica da materia e a dinámica no uso de dispositivos de comunicación e información xustifica a contribución da mesma á competencia persoal, social e de aprender a aprender, xa que o alumnado debe ser capaz, de xeito autónomo, de buscar estratexias organizativas e de xestión para resolver situacións que se propoñan, tomando conciencia do seu propio proceso de ensinanza-aprendizaxe. En todo momento, propóráselle situacións nas que antes de empezar a actuar, debe pasar por un proceso de reflexión no que se fai necesaria a organización e planificación

de tarefas para xestionar individualmente, ou de forma colaborativa, as accións a levar a cabo, de xeito que, a partir dunhas instrucións dadas, sexa capaz de obter os resultados que se lle piden e constrúa as aprendizaxes necesarias para elo, sendo capaz ademais de extrapolar estas accións a outras situacións.

A contribución da materia á competencia cidadá realízase a través de varias vías, sendo unha delas o traballo colaborativo en rede, no que se fomenta a tolerancia, a toma de decisións de forma activa e democrática, o respecto aos dereitos sobre a propiedade e a igualdade de xénero, onde se traballa para evitar esta discriminación, ás veces patente na sociedade actual, sobre todo poñendo especial énfase na linguaxe textual e multimedia, a cal debe estar desprovista de intencionalidade

sexista, traballando así as actitudes non discriminatorias por razón de sexo, cultura ou rango social.

As tecnoloxías da información e da comunicación están directamente vencelladas ás destrezas e habilidades esenciais relacionadas coa competencia emprendedora; así, a capacidade de planificar, organizar e xestionar para transformar as ideas en resultados trabállase de xeito case constante nesta materia. A metodoloxía activa proposta, vai permitir unha aprendizaxe colaborativa, de maneira que o alumnado actúe como axente social, asuma responsabilidades e desafíos, e sexa capaz de levar a cabo negociacións para chegar a acordos consensuados para transformar as ideas en produtos finais, de modo que, a través da aplicación das aprendizaxes traballadas e de estratexias persoais e grupais consiga a resolución, con éxito, dos problemas e situacións propostas. A materia dota ao alumnado, ademais, de habilidades que están moi recoñecidas e valoradas no mundo laboral actual, nun campo, o das tecnoloxías da información e da comunicación, que supón unha das liñas profesionais con máis perspectivas de futuro.

Esta materia contribúe á competencia en conciencia e expresión culturais na medida en que o alumnado, a través das situacións que se lle propoñan, sexa capaz de desenvolver a súa capacidade creadora nos diferentes contextos e tipos de produtos, entre os que destacan as producións audiovisuais. Neste punto, fomentará a súa imaxinación e creatividade co deseño e mellora dos produtos multimedia, analizará a súa influencia nos modelos sociais e expresará as súas ideas e experiencias buscando as formas e canles de comunicación máis axeitados para cada situación.

Co traballo colaborativo desenvolve actitudes nas que toma conciencia da importancia de apoiar tanto as súas producións como as alleas, de reelaborar as súas ideas, de axustar os procesos para conseguir os resultados desexados e de apreciar as contribucións do grupo con interese, respecto e recoñecemento do traballo realizado.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Entender o papel principal das tecnoloxías da información e da comunicación na sociedade actual e o seu impacto nos ámbitos social, económico e cultural para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz e innovadora.	1-2-3	3	1-2	1-2	31-40	1	1-2-3	
OBX2 - Seleccionar, usar e combinar múltiples aplicacións informáticas para crear producións dixitais que cumpran uns obxectivos complexos, incluíndo a recollida, a análise, a avaliación e a presentación de datos e información, así como o cumprimento duns requisitos de usuario.	1-3		4	2-3-5				
OBX3 - Desenvolver e depurar aplicacións informáticas, analizando e aplicando os principios da programación para crear solucións a problemas concretos de maneira creativa.			1-2-4	2-3	31-40		1-2-3	
OBX4 - Crear proxectos audiovisuais de maneira creativa utilizando os recursos técnicos necesarios e aplicando os principios da linguaxe audiovisual.	2-3	2-3		2-5	11	1	1-2-3	31-32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Usar os sistemas informáticos e de comunicacións de forma segura, responsable e respectuosa, protexendo a identidade online e a privacidade, recoñecendo contido, contactos ou condutas incorrectas e sabendo como informar ao respecto.	1-2-3		2-5	3-5	11-12	1-3		

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Desenvolvemento de proxectos dixitais	A través desta unidade o alumnado estudará e desenvolverá proxectos dixitais	7	10	X		
2	Procesadores de texto	A través desta unidade o alumnado mellorará a utilización dos procesadores de textos	7	10	X		
3	Folla de cálculo	Nesta unidade preténdese que o alumnado mellore os seus coñecementos relacionados coas follas de cálculo	7	10	X		
4	Presentacións con diapositivas	Con esta unidade o alumnado aprenderá a realizar diapositivas	7	10	X		
5	Bases de datos	Nesta unidade o alumnado realizará bases de datos	6	10	X		
6	Seguridade dixital	Con esta unidade pretendese que o alumnado coñeza os perigos das redes, evite conductas perigosas e coñeza o alcance da información que aporta as redes	11	14		X	
7	Tratamento da imaxe	Nesta unidade editaranse fotografías	11	14		X	
8	Edición do vídeo	Con esta unidade o alumno aprenderá a realizar e editar vídeos	11	14		X	
9	Ferramentas colaborativas en rede	Con esta unidade preténdese que o estudantado comparta na rede diferentes artefactos dixitais	17	24			X
10	Programación	través desta unidade realizarnse resolveranse problemas a través da realización de algoritmos	16	24			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Desenvolvemento de proxectos dixitais	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas para o desenvolvemento dun proxecto dixital, buscando e contrastando información de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade.	Definir problemas ou necesidades	PE	40
CA1.2 - Diseñar e desenvolver proxectos dixitais que resolvan un problema ou que cubran unha necesidade real.	Diseñar proxectos dixitais	TI	60
CA1.3 - Documentar un proxecto dixital empregando as ferramentas axeitadas.	Documentar proxecto dixital		
CA1.5 - Abordar a xestión do proxecto de forma creativa, fomentando o traballo en equipo e aplicando estratexias e técnicas colaborativas axeitadas, así como métodos de investigación para a súa ideación máis eficaz, accesible e innovadora posible.	Empregar ferramentas colaborativas no traballo en equipo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Deseño creativo de proxectos.</li> <li>- Estratexias de procura crítica de información.</li> <li>- Estratexias, técnicas e marcos de desenvolvemento dun proxecto en diferentes contextos e as súas fases.</li> <li>- Documentación de proxectos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Procesadores de texto	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, para crear, editar e expoñer documentos de texto e presentacións dixitais.	Crear, editar e expoñer documentos de texto	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Creación e edición de documentos de texto e de presentacións dixitais aplicados á documentación de proxectos dixitais: maquetación, formatado, modelos e integración de multimedia.

UD	Título da UD	Duración
3	Folla de cálculo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo e bases de datos.	Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tratamento de datos con folla de cálculo: formato de datos, uso de fórmulas e funcións, filtrado da información e creación de gráficos.

UD	Título da UD	Duración
4	Presentacións con diapositivas	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar de maneira eficaz e organizada un proxecto dixital, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Coñecer a forma de comunicar de maneira eficaz e organizada un proxecto dixital	PE	30
CA2.1 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, para crear, editar e expoñer documentos de texto e presentacións dixitais.	Crear, editar e expoñer presentacións dixitais	TI	70

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Comunicación de información e de contidos dixitais en diferentes plataformas.

<b>Contidos</b>	
- Creación e edición de documentos de texto e de presentación dixitais aplicados á documentación de proxectos dixitais: maquetación, formatado, modelos e integración de multimedia.	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Bases de datos	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo e bases de datos.	Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de bases de datos	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
- Tratamento de datos a través de bases de datos: almacenaxe, consulta e presentación da información.	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Seguridade dixital	14

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na Rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións.	Identificar e reaccionar fronte s situacións que presenten unha ameaza	PE	50
CA5.2 - Desenvolver prácticas saudables e seguras no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, valorando o benestar físico e mental, tanto persoal coma colectivo.	Desenvolver prácticas saudables e seguras no uso das tecnoloxías	TI	50
CA5.3 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet configurando as condicións de privacidade das redes sociais e dos espazos virtuais de traballo.	Coñecer como protexer a información e datos persoais		
CA5.4 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas leis de propiedade intelectual recoñecendo e respectando as licenzas e dereitos de autoría.	Aprender o cumprimento das lei relativa ao recursos dixitais		
CA5.5 - Facer un uso ético dos datos e das ferramentas dixitais aplicando as normas de etiqueta dixital e respectando a privacidade na comunicación, colaboración e participación activa na rede.	Facer un uso ético dos datos e ferramentas dixitais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



### Contidos

- A seguridade da información: principios de integridade, dispoñibilidade, confidencialidade e autenticación.
- Estratexias saudables e seguras no uso de dispositivos e na interacción na rede.
- Identificación de software malicioso.
- Condutas de seguridade activa e pasiva na protección dos equipos informáticos fronte a ataques externos.
- Propiedade intelectual: respecto e aplicación de licencias de software e dereitos de autoría.
- Pegada dixital e protección de datos persoais na rede.
- Etiqueta dixital.

UD	Título da UD	Duración
7	Tratamento da imaxe	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Realizar o tratamento dixital de imaxes fixas empregando técnicas de xeración, procesamento e retoque.	Realizar un mínimo tratamento dixital de imaxes fixas empregando técnicas de xeración, procesamento e retoque.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Edición dixital da imaxe fixa: retoques e montaxes fotográficas.
- Resolución da imaxe e almacenamento.
- Encadramento e ángulo de cámara. Tipos de plano: uso e funcionalidade.

UD	Título da UD	Duración
8	Edición do vídeo	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Analizar e utilizar os recursos expresivos propios das producións audiovisuais, como os encadramentos, ángulos e movementos de cámara, e efectos sonoros mantendo a continuidade narrativa.	Coñecementos dos recursos audiovisuais que se poden empregar	PE	30
CA4.3 - Gravar pezas audiovisuais aplicando técnicas de captación de imaxes fotográficas, de vídeo e son mediante os recursos e medios técnicos da linguaxe audiovisual.	Coñecementos básicos de gravación de pezas audiovisuais	TI	70
CA4.4 - Editar pezas audiovisuais aplicando técnicas de creación de secuencias dinámicas de gráficos e imaxes fixas, e de montaxe audiovisual, integrando e axustando a súa banda sonora e tendo en conta os recursos expresivos da linguaxe audiovisual.	Coñecemento básico de pezas audiovisuais		
CA4.5 - Exportar un proxecto audiovisual a un ficheiro co formato necesario para a súa posterior reprodución e difusión a través da rede.	Coñecementos básicos de exportación de proxectos audiovisuais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicación dos conceptos de plano, toma, exposición, enfoque, punto de vista e ángulo de encadre. Escenas e secuencias.</li> <li>- Raccord e ritmo na edición.</li> <li>- Proceso de posproducción: selección de tomas, aplicación dos conceptos de ritmo e continuidade narrativa.</li> <li>- Recursos técnicos da montaxe e a edición: corte, fundido e encadeado.</li> <li>- Banda sonora da produción audiovisual: diálogos, efectos de son e música.</li> <li>- Formatos de arquivo empregados no tratamento dixital de imaxe, audio e vídeo na produción multimedia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Ferramentas colaborativas en rede	24

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, compartindo e publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa.	Ter un mínimo coñecemento práctico de como interactuar en espazos virtuais de comunicación	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>

<b>Contidos</b>
- Colaboración en Rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	Programación	24

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Identificar e analizar problemas desenvolvendo algoritmos que os resolvan.	Coñecementos de identificación e análise de problemas con algoritmos	PE	40
CA3.2 - Desenvolver e programar aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles, dando solución a problemas definidos.	Desenvolvemento e programación de aplicacións básicas	TI	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Diagramas de fluxo: elementos e símbolos e o seu significado.</li> <li>- Utilización de estruturas de programación: secuenciais, de selección e iterativas.</li> <li>- Utilización de operadores.</li> <li>- Uso de datos. Tipos de datos primitivos e compostos.</li> <li>- Utilización de funcións. Parámetros, código e retorno.</li> <li>- Utilización de librerías.</li> <li>- Desenvolvemento e programación de aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles.</li> <li>- Execución, proba, depuración e documentación de programas.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Deberanse empregar distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.

A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A distribución de espazos, debido ao carácter práctico da materia, orientarase a unha aula equipada cos dispositivos informáticos e a conectividade necesarios para a realización das actividades atendendo a pautas básicas de accesibilidade.

A organización por grupos debe proporcionar un marco de colaboración para alcanzar obxectivos onde o liderado estea compartido e as persoas teñan a capacidade de ser críticas consigo mesmas e coas demais. A selección de ferramentas, recursos e materiais didácticos deberá orientarse cara a aquelas que favorezan o traballo colaborativo en rede a través da variedade de posibilidades que existen

na actualidade

Os métodos máis empregados son:

- Método de descubrimento guiado. Con este método arráncase cunha actividade realizada por parte do alumnado, que participa na formulación do problema e vai elaborando conclusións e construíndo o seu propio coñecemento. Coñécese tamén como método inductivo. Este método consta de 4 fases: Experimentación, Posta en común, Segunda experimentación e Conclusións.

- Método de proxectos cuxas etapas ou fases son:

- Formulación do problema, de duración breve e que consiste nunha explicación do profesor, un debate na aula ou na lectura dun texto.

- Busca de información, de duración variable, con intervención do profesor, consulta de textos, audiovisuais, expertos ou visitas.

- Deseño da solución, de duración longa, con debate en grupo, elaboración de bosquejos e especificacións.

- Comunicación da solución, de duración longa, con elaboración de planos e documentos; exposicións.

- Realización, de duración longa, onde se procede a construír os obxectos; faise a montaxe; simúlase o funcionamento dos servizos.

- Avaliación, de duración longa, coa elaboración de cuestionarios; debate en grupo; propostas de mellora.

- Comunicación do proxecto, de duración longa, con elaboración da memoria; exposicións orais; elaboracións de audiovisuais.

- Método expositivo. Resulta útil para a transmisión de información. Facilita a construción de conceptos e o coñecemento das normas, e permite a guía de exercicios de adquisición de técnicas básicas. É unha actividade de tipo pechado. As fases deste método son :

- Informativa, que consiste nunha explicación oral breve do profesor apoiada por medios audiovisuais; o visionado dunha proxección (diapositivas, videograma, presentación

- Exemplificativa: resolución de problemas ou demostracións prácticas por parte do profesor.

- Realización de problemas polo alumnado. Construción ou montaxe por parte do alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula Moodle
Computadores con conexión a internet
Programas informáticos principal mente Software libre
Sistemas operativo Windows
Canón

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

AVALIACIÓN INICIAL Farase as primeiras semanas unha proba de competencia nos contidos de Tecnoloxía da Información e Comunicación de (1ºBACH) para coñecer o nivel do que parte o alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>6</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>17</b>	<b>16</b>
<b>Proba escrita</b>	40	0	0	30	0	50	0	30	0	40
<b>Táboa de indicadores</b>	60	100	100	70	100	50	100	70	100	60

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>20</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>80</b>

### Criterios de cualificación:

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación. A cualificación final da avaliación ordinaria do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

Realizarase unha proba teórica sobre as unidades didácticas en cada trimestre.

Os alumnos realizarán distintos traballos propostos polo profesor acordados aos contidos da materia ao longo de cada trimestre. Os traballos poderán ser de carácter individual ou colectivo e nalgúns casos poderán ser expostos na aula para seren avaliados. Avaliaranse en función da súa calidade (os contidos, a presentación, a exposición, etc).

A cualificación de cada unha das tres avaliacións, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

34% 1ª avaliación

33% 2ª Avaliación

33% 3ª Avaliación

Poderán realizarse actividades para que o alumnado poida mellor a súa calificación trimestral antes de cada avaliación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

Cálculo da cualificación final da avaliación ordinaria do curso:  $34\% 1^{\text{a}}\text{aval} + 33\% 2^{\text{a}}\text{aval} + 33\% 3^{\text{a}}\text{aval}$

Cálculo da cualificación final da avaliación extraordinaria do curso: nota obtida na proba obxectiva de recuperación extraordinaria.

### Criterios de recuperación:

A avaliación extraordinaria constará dunha proba escrita ou no ordenador que se axustará aos contidos mínimos esixibles. Para superala deberase acadar unha cualificación igual ou superior a 5.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado que curso 2º de Bacharelato pero teña pendiente a materia de TIC de 1º de Bacharelato pendente de superar, o non tela superado en anos anteriores deberán realizar as seguintes actividades:

- Realización e entrega periódica de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.
- Faranse tres probas obxectivas parciais no ordenador, unha por avaliación en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá unha proba obxectiva final.
- Distribúese a materia do curso en tres partes, unha para cada proba parcial.
- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.
- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración .  
Media aritmética das probas obxectivas parciais 50% da cualificación  
Actividades realizadas ao longo do curso 50% da cualificación.
- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba obxectiva final no ordenador en data por definir.

Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

-A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento .Ou profesor/a que lle imparta clase no curso onde estea matriculado fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa departamento quen faga o seguimento.

### **5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias**

O alumnado que curse en 2º de Bacharelato a materia de TIC II, pero non cursara a materia de TIC I en 1º de Bacharelato, deberán de realizar as seguintes actividades :

Realización e entrega periódica de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.

- Faranse tres probas obxectivas parciais no ordenador, unha por avaliación en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá unha proba obxectiva final.
- Distribúese a materia do curso en tres partes, unha para cada proba parcial.
- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.
- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración:

Media aritmética das probas obxectivas parciais 50% da cualificación.

Actividades realizadas ao longo do curso 50% da cualificación.

- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba obxectivas final no ordenador en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

- A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimento.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade na CCAA de Galicia ven regulada no Decreto 229/2011.

Entre outras, contémpanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación
- Desdobramento de grupos
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.)
- Adaptacións curriculares

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

Para atender a este alumnado seguiranse os protocolos específicos publicados pola Xunta de Galicia. De ser necesario, cando as medidas de reforzo ordinario non resulten suficientes, aplicaranse medidas de reforzo específico en colaboración con Departamento de Orientación do centro.

Planearanse actividades de distinto nivel para abranguer as distintas situación de diversidade no alumnado. Tutelarase ao alumnado no seu traballo en función das súas necesidades, e nas actividades grupais se controlará a composición do grupo para favorecer a interacción, o apoio e a motivación entre os seus membros.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora (CL)	X				X	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital (CD)	X				X	X	X	X
ET.3 - Emprendemento social e empresarial (EMP)	X				X	X	X	X
ET.4 - Fomento espírito científico e crítico	X				X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores (EEV)	X				X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero (IX) e prevención da violencia de xénero (PVX)	X				X	X	X	X
ET.7 - Creatividade	X				X	X	X	X
ET.8 - Educación afectivo-sexual, educación para a saúde, e formación estética	X				X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Concienciación e formación sobre o cambio climático, sustentabilidade, consumo responsable, e respecto mutuo e colaboración entre iguais. Coidado do medioambiente	X				X	X	X	X
ET.10 - Promoverase a resolución PACÍFICA de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito	X				X	X	X	X
ET.11 - Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporarase transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X				X	X	X	X
ET.12 - Empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X				X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora (CL)	X	
ET.2 - Competencia dixital (CD)	X	
ET.3 - Emprendemento social e empresarial (EMP)	X	
ET.4 - Fomento espírito científico e crítico	X	
ET.5 - Educación emocional e en valores (EEV)	X	



	UD 9	UD 10
ET.6 - Igualdade de xénero (IX) e prevención da violencia de xénero (PVX)	X	
ET.7 - Creatividade	X	
ET.8 - Educación afectivo-sexual, educación para a saúde, e formación estética	X	
ET.9 - Concienciación e formación sobre o cambio climático, sustentabilidade, consumo responsable, e respecto mutuo e colaboración entre iguais. Coidado do medioambiente	X	
ET.10 - Promoverase a resolución PACÍFICA de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito	X	
ET.11 - Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporarase transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	
ET.12 - Empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	

**Observacións:**

Todos os elementos transversais traballaranse en todas as unidades didácticas e promoverase especialmente a boa convivencia, a inclusión, a igualdade de xénero e o respecto as persoas,

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas e outras actividades	O departamento de TECNOLOXÍA está aberto a colaborar con outros departamentos, fundamentalmente os de ámbito científico, para elaborar actividades conxuntas que acheguen aos alumnos á ciencia en xeral	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A selección e temporalización dos contidos foi axeitada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e rigurosos e permitiron o seguemento e o profesorado do alumnado
Metodoloxía empregada
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron suficientes
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención a diversidade foron axeitadas para atender as necesidades de todo o alumnado
Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e productivo
Outros
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica,...
As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificación
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia .

### **Descrición:**

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Indicadores empregados para o seguimento, avaliación e propostas de mellora:

Resultados académicos

-Adecuación dos contidos e unidades a temporalización da programación

-Valoración do emprego dos materiais e recursos didácticos

-Consecución dos obxetivos e criterios de avaliación

-Valoración dos procedementos de avaliación

- Propostas de mellora (recolleranse na memoria final)

Esta valoración quedará reflectida no libro de actas do departamento de forma trimestral e na memoria final do curso. Ao finalizar cada avaliación cubrirase unha rúbrica sobre estes indicadores

### **9. Outros apartados**